



O MÉTODO SCOUT

INTRODUCCIÓN

1. O Escutismo é un Xogo

Baden Powell dicía que o escutismo é un xogo, unha ferramenta educativa que responde a uns obxectivos fundamentais, constrúese a partir duns elementos básicos e ponse en práctica a través das actividades que, á súa vez, son tamén xogos.

O xogo ten como consecuencia o gusto por aprender, por acadar un obxectivo, grazas ás súas características esenciais: a acción, a imaxinación, a aventura, a diversión, a asociación en equipos, o repartimento de papeis e o respecto ás regras pactadas.

Nese xogo participan non só os nenos, nenas e mozos e mozas, senón tamén os e as responsábeis. Todo o mundo ten un rol necesario, un papel imprescindible que desenvolver, cuxo obxectivo e bases debe ser coñecido.

2. O Escutismo é un Método

O Método Scout é un sistema educativo que está formado por distintos elementos que se complementan e se integran; cada elemento responde a unha función educativa concreta, mais tamén precisa dos demais. Para empregalos correctamente temos que ter en conta o nivel de desenvolvemento de cada neno, nena, mozo ou moza e da Unidade, así como as súas características e circunstancias específicas.

O Método parte dunha idea fundamental: confía en que cada persoa é quen de se responsabilizar do seu propio desenvolvemento. Ela é a protagonista do proceso da educación, o Método só é o cadro estruturado que serve de soporte e guía; a esta idea de partida chamámola *autoeducación*.

A chave do progreso persoal para o Escutismo é que cada neno, nena, mozo ou moza, a partir dos seus centros de interese, desenvolve as súas capacidades e habilidades para descubrir novos intereses e desenvolver novas capacidades e habilidades, conforme ao seu propio ritmo.

O Método, empregado correctamente, asegura que se consigan unha gran parte dos obxectivos; a tarefa dos e das responsábeis é aplicalo de xeito enriquecedor e flexíbel, adaptándoo a cada realidade, revisando constantemente e evitando afastarnos dos obxectivos.

3. O Método Scout artéllase en Programas e Proxectos

Historicamente houbo dous xeitos de se propoñer a dinamización do xogo scout: un sistema de Programas e un sistema de Proxectos. Cada un deles ten as súas vantaxes e os seus inconvenientes.



O Sistema de Programas, centrado sobre todo no progreso individual, propón o desenvolvemento de obxectivos a longo prazo sobre unha liña de traballo predeterminada dabondo e concreta. Diminúe as posibilidades creativas tanto da persoa que educa como da persoa que se está a educar, porén conduce máis doadamente á consecución dos obxectivos.

O Sistema de Proxectos, fundamentalmente orientado cara ao progreso comunitario, propón traballar a través de actividades complexas artelladas a partir da secuencia *reflexión-acción-reflexión*, propostas pola persoa que se está a educar e de duración máis ou menos definida, nas que o educador ou educadora terá que asegurar a presenza de obxectivos educativos, en ocasións difusos.

En liña coa meirande parte do Escutismo Católico en Europa, Scouts MSC opta no seu Programa de Mocidade por un sistema mixto, no que coexisten itinerarios de progreso individual adaptados a cada persoa, con proxectos comunitarios moi abertos á creatividade, que contribúen a reforzar o desenvolvemento do progreso persoal.

OS ELEMENTOS DO MÉTODO

1. A Lei e a Promesa

A Lei e a Promesa teñen unha dobre vertente que é preciso coñecer:

- a) A Lei e a Promesa son os principais textos ideolóxicos scouts:

A Lei Scout afirma un conxunto de valores universais que propoñen un xeito de vida, unha proposta concreta, pedagóxica, que realiza o Escutismo cuxa aceptación é necesariamente unha libre opción persoal. Este compromiso, público e solemne, é a Promesa Scout.

O contido da Lei e a Promesa é o mesmo en todo o mundo e cada scout o asume persoalmente; deste xeito a Lei e a Promesa constitúen a chave da unidade ideolóxica do Movemento Scout.

- b) A Lei e a Promesa constitúen o elemento central do Método Scout:

No Escutismo cremos que os principios e obxectivos da educación non deben ser só un asunto das persoas adultas; para que os nenos, nenas, mozos e mozas se convertan en responsábeis do seu propio desenvolvemento dentro do xogo scout, é preciso presentar-lles directamente os obxectivos educativos do Movemento nunha linguaxe accesíbel de acordo coa súa idade (esta é a función metodolóxica da Lei Scout) e deben poder decidir persoalmente se se comprometen a se esforzar por acadar eses obxectivos (esta é a función metodolóxica da Promesa Scout).

A Lei e mais a Promesa son, por constituíren a súa base ideolóxica, o elemento central do xogo scout sobre o que se artellan todos os demais elementos; por iso debe



presidir toda a actividade scout, sen se limitar a determinados intres de carácter máis simbólico.

Facer a Promesa supón unha experiencia fundamental no itinerario persoal de calquera scout, polo que require un mínimo de madureza e afondamento para que o seu contido poida ser asumido con responsabilidade.

Os textos débense adaptar a cada idade nun proceso de achegamento progresivo á súa asunción definitiva. A metodoloxía de cada Póla define cal debe ser a profundidade da Lei e da Promesa para cada etapa e as súas formulacións.

O texto da Lei Scout en Scouts MSC é:

1. *O scout é digno de confianza.*
2. *O scout é leal.*
3. *O scout é útil e servizal.*
4. *O scout é amigo de todos e irmán de todo scout.*
5. *O scout respecta profundamente ás persoas.*
6. *O scout ve na natureza a obra de Deus e protéxea.*
7. *O scout non fai as cousas a medias*
8. *O scout supera as dificultades con leducia.*
9. *O scout é austero, traballador e coidadoso dos bens.*
10. *O scout é san.*

O texto da Promesa Scout en Scouts MSC é:

Prometo pola miña honra e coa axuda de Deus facer canto poida para:

- *cumprir os meus deberes con Deus e o meu País,*
- *axudar aos demais en toda circunstancia*
- *e cumprir a Lei Scout.*

Tamén podemos considerar, como manifestacións deste elemento, o compromiso inicial que se adquire cando unha persoa se incorpora ao Movemento, así como a sinatura das Cartas de Unidade ou outros compromisos semellantes que contemple a metodoloxía de cada Póla.

2. A educación a través da acción

BP daba aos e ás responsábeis scouts este consello: “deixade que se trabuque; a través dos erros constrúese a experiencia.”

No Escutismo apréndese a través da experiencia e non dunha ensinanza teórica: recoñecemos o valor das actividades espontáneas dos nenos, nenas, mozos e mozas e confiamos nelas como motor da experiencia scout, que se convirte nun sinónimo de acción e máis de aventura.



Para acadar os obxectivos educativos, o Escutismo propón ao neno, nena, mozo ou moza unha serie de experiencias significativas desenvolvidas a partir dos seus centros de interese, que se artellan en gran medida arredor de proxectos.

O neno, nena, mozo ou moza é parte activa no proceso dende a súa proposta á revisión e celebración das accións. Deste xeito as actividades responden de forma efectiva aos seus centros de interese.

Un neno, nena, mozo ou moza comprenderá mellor o que lle dicimos se o pode relacionar cunha experiencia que xa ten; as experiencias fanse significativas en gran medida grazas á secuencia de reflexión-acción-reflexión. Este mecanismo permite obter e interiorizar respostas consecuentes do proceso dende a súa proposta até a súa execución. Por esta razón dende a súa orixe o Escutismo definiuse como unha pedagogía activa, na que se aprende do que se vive.

3. A vida en pequenos grupos

O pequeno grupo

O pequeno grupo é unha fonte de experiencias que contribúe decisivamente ao desenvolvemento integral da persoa.

En concreto, o xogo scout desenvólvese de xeito prioritario en pequeno grupo porque garante a participación, o protagonismo, a asunción de responsabilidades e a corresponsabilidade no progreso das persoas que integran o grupo de iguais. Deste xeito facilítase a interacción positiva dos seus integrantes, atendendo aos intereses e ás necesidades de todo o mundo e permitindo as achegas de cada persoa ao bo funcionamento do conxunto.

- *A unidade e o grupo scout*

Os pequenos grupos relacionanse entre si, complementáanse e intégranse, xerando outros ámbitos maiores nos que tamén ten lugar a actividade scout, especialmente a unidade, na que se desenvolve gran parte do programa, así como o grupo scout, que integra ás unidades das distintas pólas, permite a continuidade da secuencia pedagóxica e constitúe a estrutura básica do Movemento a nivel local.

- *Os ámbitos asociativos e internacionais*

Aínda que en menor medida, outra parte da actividade scout se desenvolve en ámbitos asociativos e internacionais, que permiten o encontro, a convivencia e a cooperación co resto de scouts e expresan a dimensión universal do Movemento.

- *O xogo institucional*

A través do xogo institucional artéllase a vida comunitaria en todos os eidos nos que ten lugar a actividade scout, así como a relación que teñen entre eles. Grazas a este



xogo, constrúese unha pequena sociedade que permite iniciarse na vida social e democrática. Está composto por unha serie de elementos que se interrelacionan:

- A asociación natural en grupos de amigos e amigas.
- A colaboración entre nenos, nenas, mozos e mozas con distintos niveis de madurez e máis de experiencia.
- A posibilidade de asumir e confiar responsabilidades concretas.
- A existencia de espazos democráticos para a participación, a toma de decisións e a avaliación en todos os niveis do Movemento.
- A experiencia de representar e ser representado/a.
- A igualdade de dereitos e responsabilidades entre persoas de distinto sexo.

4. O Acompañamento Adulto

Cada responsábel acompaña e axuda persoalmente a cada un dos nenos, nenas, mozos e mozas a xogar ao escutismo. O seu papel é, sobre todo, o de asegurar que os obxectivos educativos do Movemento estean presentes para que cada scout poida progresar, extraendo as súas propias conclusións das experiencias que vive.

Para iso, orienta, apoia e confía responsabilidades aos nenos, nenas, mozos e mozas, asegurándose de que teñan as condicións axeitadas que precisan e os medios para desenvolver as actividades que lles interesan.

A actividade da Unidade xestiónase conxuntamente entre nenos, nenas, mozos e mozas coas persoas adultas que os acompañan: todos toman parte nas decisións, cada un dende o seu rol.

Xunto ao respecto mutuo e ao establecemento de ligazóns emocionais positivas, a acción pedagóxica de cada responsábel cos nenos, nenas, mozos e mozas apóiase no seu exemplo persoal, que constitúe a súa ferramenta educativa fundamental.

Por esta razón, é precisa a identificación do responsábel coa proposta de valores do Movemento e o seu compromiso con eles para exercer a súa labor educativa voluntaria dende a lóxica do Programa Scout tanto cos educandos e educandas como co resto de responsábeis, de acordo co establecido no Programa de Adultos.

5. O Progreso Persoal

O progreso persoal no Escutismo, que comeza coa incorporación ao Movemento, é o camiño percorrido por cada neno, nena, mozo e moza para acadar os obxectivos persoais que se propuxeron dentro do marco de obxectivos propios de cada Póla.

No Método Scout, o progreso ten unha serie de características que o definen:

- É relativo a cada persoa, dinámico e continuo: os pasos de progreso son particulares e diferenciados para cada unha, de xeito que, o para unha persoa pode ser algo normal, para outra pode ser un gran logro que os seus



compañeiros e compañeiras, así como os e as Responsábeis deben valorar e recoñecer.

- É autorregulado, porque aínda que os e as responsábeis deben motivar o progreso, é o propio neno, nena, mozo ou moza quen decide até onde quere chegar.
- O Pequeno Grupo e a Unidade viven o progreso de cada membro, intégrano e valóranos como parte do progreso comunitario, polo que non é competitivo.
- É valorado por cada scout e polo grupo de iguais, de xeito que os e as responsábeis non son os únicos encargados de recoñecelo.
- É recoñecido simbólicamente e publicamente, valorando a intención e o compromiso por parte do neno, nena, mozo ou moza de lograr un obxectivo, non a consecución do mesmo; recoñecer o progreso non pretende premiar, senón simbolizar un compromiso para reforzalo.
- Ten en conta a evolución de cada persoa dentro do ámbito scout, pero tamén o que ocorre na súa vida cotiá polo que é preciso establecer relacións co resto dos seus axentes educativos para acadar uns resultados globais acordes aos obxectivos

Deste xeito, o sistema de progreso persoal scout pretende que cada quen, de acordo coa súa idade e características, comprenda os obxectivos educativos (que espera o Escutismo del ou ela), elabore o seu propio plan persoal de progreso e vexa recoñecidos os seus esforzos máis que os resultados.

Por outra banda, a busca do progreso comunitario estimula o progreso persoal de cada membro do pequeno grupo e da unidade; á súa vez, a consecuencia do progreso persoal de cada scout xera o progreso comunitario.

En cada unha das Pólas propónse un itinerario de progreso persoal de tres etapas:

- a) Integración: a persoa entra no Pequeno Grupo e na Unidade e vai coñecendo aos seus compañeiros e compañeiras así como o que o Escutismo lle propón nesa Póla, as regras do xogo. Este período finaliza coa celebración do compromiso, expresado na Promesa.
- b) Compromiso: é a etapa na que se desenvolve o servizo que nace da Promesa, tratando de avanzar de acordo cos obxectivos educativos do Escutismo.
- c) Servizo: o neno, nena, mozo ou moza ten asumido en gran medida a proposta desa Póla, e exerce unha labor de liderado positivo, chegando a ser un apoio para o Kraal e un animador da Unidade..

6. A Vida na Natureza

A Natureza constitúe o marco privilexiado da actividade scout en todas as pólas e para todas as persoas que formamos o Movemento.

É o marco idóneo para o desenvolvemento dos sentidos, das habilidades persoais e da sensibilidade. Nela é máis doado percibir e valorar o esencial.



É tamén un medio de socialización, de achegamento persoal e de solidariedade. Permite afondar na confianza e adquirir responsabilidade individual e fronte ao grupo.

É o ambiente máis acaído para descubrir e asumir o lugar do ser humano no Universo, facilitando a apertura á Transcendencia.

7. O marco simbólico

O marco simbólico é a linguaxe propia do Movemento, que permite a todos os seus membros desenvolver unha comunicación propia adaptada a cada idade. Esta linguaxe dá lugar a un sistema de identificación que dá cohesión aos grupos e reforza o sentimento de pertenza a través da coherencia no desenvolvemento do Programa de Mocidade e do Programa de Adultos.

Está formado por un conxunto de símbolos que representan a proposta educativa do Escutismo: o pano, a flor de lis, as cores das Pólas, as cancións, as tradicións, as cerimonias... Elementos con significado, que axudan a crear un escenario, unha auténtica atmosfera que contén os valores e propostas do Movemento, e fainos máis accesíbeis aos nenos, nenas, mozos e mozas.

A linguaxe adáptase a cada unha das Pólas, en marcos estábeis que partindo da creación de “imaxinarios” sobre os que desenvolver o xogo, pasan ao “reto” nas idades intermedias (aventura) e finalizan na propia “realidade” nas etapas de paso á vida adulta. Deste xeito permite trasladar os valores do escutismo a través dun xogo até a vida real.

*Documento aprobado en la 53ª Asamblea General Ordinaria del Movimiento Scout Católico
Santiago de Compostela, 30 y 31 de Octubre de 201*

*Texto Ley y Promesa Aprobado en la 54ª Asamblea General Ordinaria
Pozuelo de Alarcón, 7 y 8 de Mayo de 2011*